

BASES XERAIS - TALLER DE MÁRketing VIVO PARA EMPRESAS TURÍSTICAS

1. LUGAR DE REALIZACIÓN E HORARIOS

Día de realización: xoves, 07/02/2013

Horario: de 17.30 a 19.00 h

Lugar: centro social de Boiro

2. DESTINATARIOS

A selección dos alumnos participantes rexeráse seguindo os seguintes criterios e preferencias:

- Empresarios do sector turístico de Arousa Norte (concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo).

Aquelas persoas interesadas pero que non cumpran cos perfís definidos, poderán inscribirse nunha lista de espera que se habilitará no caso de que non se completen as prazas ofertadas.

3. INSCRICIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas que desexen participar neste taller presentarán a súa ficha de inscrición (modelo adxunto) cuberta con todos os epígrafes obrigatorios e asinada. Poderán remitilas por algún destes medios:

- Nas oficinas da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Praza de Galicia, s/n 15930 Boiro, A Coruña), de luns a venres en horario de 8.00 h a 15.00 h
- Por correo electrónico (correo@arousa-norte.es). Entenderase asinada a ficha, no momento do envío por correo electrónico.
- Por fax 981 849 925

Serán excluídas todas aquelas inscricións que non estean asinadas (si se entregan en papel) ou debidamente cubertas.

O prazo para presentar as solicitudes, rematará o 4 de febreiro de 2013.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso.

4. CONFIRMACIÓN DOS SELECCIONADOS

A Mancomunidade de Municipios Arousa Norte, remitirá por correo electrónico a confirmación da admisión ao taller.

No caso de que unha persoa non renuncie por escrito ao taller e non asista penalizarase, á hora de facer sucesivas seleccións, xa que prexudica ás persoas que quedan en lista de espera.

5. SELECCIÓN

O persoal solicitante seleccionárase consonte aos seguintes criterios:

O perfil do destinatario: terán preferencia os perfís profesionais recollidos no punto 2

Por orde de inscrición: a orde de recepción da ficha de inscrición (sempre que chegue en prazo)

A Mancomunidade de Municipios Arousa Norte resérvase a capacidade de engadir outros criterios, se fora necesario, para facer esta selección.

Boiro, 25 de xaneiro de 2013

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE